

As variedades lingüísticas



4º ESO


Que é o estándar?

Que é un dialecto?

Que é “falar ben” ou “falar mal”?

Que ten a linguaxe formal de especial?

As linguas non son sistemas uniformes, senón que todas elas presentan **variacións internas.**



ing. *guy* = *dude* = *folk* = *man* = *sir*

fr. *C'est quoi, ça?* = *Qu'est-ce que c'est?*

As **variacións internas** da lingua poden deberse a **diversos factores**:

1. VARIACIÓN **DIACRÓNICA / HISTÓRICA** (ao longo do **tempo**)
2. VARIACIÓN **DIATÓPICA / XEOGRÁFICA** (ao longo do **espazo**)
3. VARIACIÓN **DIATRÁTICA** (ao longo dos estratos **sociais**)
4. VARIACIÓN **DIAFÁSICA / SITUACIONAL** (estilística, depende do **contexto**)

1. VARIACIÓN **DIACRÓNICA / HISTÓRICA** (ao longo do **tempo**)


Sedia-mi eu na ermida de San Simion
e cercaram-mi as ondas, que grandes son;
jeu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

Meendinho (s. **XII-XIII**)

Neotrovadorismo (II)
(cantiga de amigo, escarnio e mal dizer)

Antes eras un colega
pero agora
me cago en tu puta madre
me cago en tu puta madre

Colectivo Ronseltz (**1994**)




En Vigo, no anfi
rebolaba corpo fit
Teño un crush.

Alumnado da ESO (**2020**)

**= VARIEDADES
HISTÓRICAS OU
SINCRÓNICAS**

Principais variedades históricas da lingua galega



Trobadores medievais

→ o galego das cantigas de amor, amigo e escarnio.



Séculos Escuros

→ o galego do Padre Sarmiento.



O Rexurdimento

→ o galego de Rosalía, Curros e Pondal.



Grupo Nós, Galaxia...

→ o galego de Vicente Risco, Castelao, Manuel Antonio, Cunqueiro...




2. VARIACIÓN DIATÓPICA / XEOGRÁFICA (ao longo do **espazo**)

Galician speaking areas

Based on F. Fernandez Rei's outline as shown in his book *Dialectoloxía da lingua galega*, a well trusted and reputed source on Galician dialectology. Source data were taken from the *Atlas lingüístico galego*.

Some boundaries proposed by F. Fernandez Rei were slightly altered using newer data as shown on scholar research on particular areas.

The exact limits between Galician and asturianese languages have been agreed internationally since the late 19th century by almost all dialectologists, the discerning isogloss being that where short Latin *f* and *o* get transformed into diphthongs (*pedra* > *pieđa*, *roda* > *rueđa*).



Eu digo...

<https://www.youtube.com/watch?v=wdO26vpOjGI>

Tradicionalmente, distinguimos 3 grandes bloques ou variedades:

- Bloque occidental (*pantalóns*).
- Bloque central (*pantalós*).
- Bloque oriental (*pantalóis*).

= VARIEDADES SINTÓPICAS, XEOGRÁFICAS OU DIALECTOS.

3. VARIACIÓN **DIATRÁTICA** (ao longo dos estratos **sociais**)

Depende da idade, **nivel cultural** etc. Distinguimos tres variedades:

- **Nivel culto:** alto nivel de coñecemento da lingua que se manifesta por unha pronuncia coidada, riqueza léxica, sintaxe complexa...
- **Nivel medio:** usado pola maioría da poboación. Respecta maiormente as normas.
- **Nivel vulgar:** escasa formación, descoñecemento das normas lingüísticas: pronuncia descoidada, vulgarismos, vocabulario escaso e emprego reiterado de palabras comodín, sintaxe moi simple...

Érache unha mula de carallo. Botábache unha man e adiós muy buenas. Pois o tipo era mal levado con todo quisque. Estaba pelexado cos veciños, aos fillos arreáballes cada chaquetilla de medo, e á muller, xa ti ves... Pois o jicho tiña un can deses pequenos, un marilín deses, e disque lle quería coma se fora un fillo.

Polaroid, Suso de Toro

O excelentísimo señor don Mario Alberto Nobre Lopes Soares, polos extraordinarios méritos que concorren na súa persoa como escritor, como xurista e como político comprometido firmemente coa defensa dos dereitos humanos.

Concesión do título Honoris Causa (UDC)

**= VARIEDADES SINSTRÁTICAS,
SOCIOLECTOS ou NIVEIS**

4. VARIACIÓN **DIAFÁSICA / SITUACIONAL** (depende do **contexto**)

Depende da situación comunicativa en que nos atopemos. Distinguimos principalmente dúas variedades:

- **Rexistro formal:** Propio de situacións formais onde hai certa distancia co interlocutor: conferencia, entrevista, clase, correo a un organismo oficial ou a un descoñecido...
- **Rexistro informal:** Propio de situacións familiares, onde a comunicación é espontánea e relaxada: conversas entre amigos e familia, mensaxes de WhatsApp...

Ei, dasme un boli?

VS

Bo día, podería emprestarme un bolígrafo, por favor?



**= VARIEDADES SINFÁSICAS,
REXISTROS ou ESTILOS**


A VARIACIÓN DIATÓPICA



Niveis de variación diatópica

A variación diatópica dáse a diferentes niveis:

- A **nivel léxico**: as **palabras** cambian dunha zona a outra. Por exemplo: *golpe/raposo, parrocha/xouba...*
- A **nivel fonético**: presenza ou ausencia de **seseo**, **gheada**, **metafonía vocálica** (pechazón ou abertura de vogais), **ditongos** (*moito, muito, muto, mutio...*).
- A **nivel morfosintáctico**: distinción ou non de **pronomes** *lle/lles, te/che*, diferentes **terminacións verbais** (*cantandes, cantais...*), diferente **formación do plural** (*pantalón, pantalós, pantalois*)...



A nivel léxico



○ rapaz
○ rapaciño
● rapacín
○ rapazote
● rapaceto
● rapazón

■ mozo
□ medio mozo
■ moción
■ mocia
■ moxote
■ mocete
■ moxolo
+ moxuelo
* moxallete


▲ chaval
▲ chavalíño
▲ chavalote

● picaro
● casquete
● cascote
● cascarote
● neno
● nino
● chico
● zagal
● pequeno
● mungallón
● polo
● polote
● galote
● gallote
● gniolo
● eqpigote
● pípiolo


Diferentes palabras para o mesmo:

<http://ilg.usc.es/indices/?m=1975>

A nivel léxico




A nivel léxico




A nivel fonético

A gheada



Tipos de gheada




A nivel fonético


O seseo

■ distinción /s/ - /θ/

■ seseo implosivo (cinco/des)

■ seseo explosivo e implosivo (sinco/des)





EL ANDALÛH EN 6 IMÁHENES

+ER PRINÇIPITO ANDALÛH+



- Zezeo
- Seseo
- Dittingión



- Úttedé cantái
- Vosotrò cantái



- Ere un JJJilipolla
- Ere un hilipolla



- Polla
- ILLO
- Chacho



- No ç'abre la boca
- Ç'abre muxo la boca



- Ç'abla andalûh
- No ç'abla andalûh

A nivel fonético


catro
cuatro

CUA- / GUA-



Ditongo -OI-/-UI-

moito
muito
muto
mutio



A nivel morfosintáctico

- irmán / irmá
- irmán / irmán
- irmao / irmá

Irmán, irmao/irmá




Plural das palabras rematadas en -n

- pantal[´o]ns
- pantal[´o]ns

- pantal[´o]s
- pantal[´o]s^{(v) y (n)}


- pantal[´o]is
- pantal[´o]is
- pantal[´õ]is
- pantal[´o]es
- pantal[´o]nes



A nivel morfosintáctico

 ti Pronome de 2ª pessoa sg.

 tu



 el Pronome de 3ª pessoa sg.

 il



A nivel morfosintáctico


 isto
 esto

Demostrativos



Pronomes átonos te/che


 TE (OD) - CHE (OI)
 Cheísmo
 Teísmo




A nivel morfosintáctico

Formas verbais

colleu
colliu




partiu
parteu



ti cantas:

vos cantades
vos cantás
vos cantais
vos cantandes



Onde se fala o galego “máis normativo”?




Atlas do Galego Oral

<http://ilg.usc.es/ago/>

Exercicios sobre as variedades dialectais:

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/desvios.htm#7

E fóra de Galicia?



IDIOMA ESPAÑOL:	
IDIOMA EXTREMEÑO	CASTELLANO SEPTENTRIONAL
FALA (gallego-extremeño)	ALTOEXTREMEÑO
PORTUGUÉS	BAJOEXTREMEÑO
	MANÇEGO

Bloque oriental:

- **Plural -n:** *cais* (cans), *pantalois* (pantalóns), *ladrois* (ladróns)
- **Sufixo -iño:** *camín* (camiño), *paxarín* (paxariño) , *vecín* (veciño)
- **Grupo -ua-:** *cuatro* (catro), *quando* (cando), *guardar* (gardar)
- **Baxo** (baixo), **caxa** (caixa)

Exemplos: gústanme esas canciois // O gato é moi bonitín

O meu vecín ten cuatro cais // Mira aí, ta guardado na caxa

Áreas do bloque oriental:

- **Asturiana:** artigo *el/l´*, *avolo* (avó), *mulin* (muíño) Ex. I´avolo ta n´el mulín
- **Ancaresa:** vogais nasais
- **Zamorana:** *collí* (collín), *partí* (partín)



Bloque central:

- **Non seseo:** luz, dez, empezar, dicir
- **Sufixo -ao:** *mao, irmao, chao* (man, irmán, chan)
- **Plural -n:** *cas* (cans), *leós* (leóns), *ladrós* (ladróns), *calcetís* (calcetíns)
- **Algunha gheada**

Exemplos: a meu irmao caeulle a tixola ao chao //

Vin pasar por alí unhos camiós negros // Mercou dous cas de palleiro

Áreas do bloque central:

- **Mindoniense:** *cimo* (grelo), *golpe* (raposo)
- **Lucu-auriense:** *come* (cume), *bibe* (bebe), *il* (el)



Bloque occidental:

- **Gheada:** *logho* (logo), *amigha* (amiga), *Lugho* (Lugo)
- **Seseo total:** *disir* (dicir), *cosiña* (cociña), *des* (dez) ou seseo só final de sílaba: *lus* (luz) mais *facer*
- **Sufixo -an:** man, irmán, castelán, chan
- **Plural n:** uns, algúns, leóns, calcetíns

Exemplos: acende a lus da cosiña // Os tighres non son curmáns dos leóns //

Ese xa caeu des veces ao chan

Áreas do bloque occidental:



- Fisterrá: cheísmo (só *che* pronome, non *te*)
- Pontevedresa
- Baixo Miño (teísmo, só *te*, non *che*)



Poderías dicir de onde é a tiktoker Alba Castro?

https://www.tiktok.com/@mamatopa_alba/video/7232391245694258459

https://www.tiktok.com/@mamatopa_alba/video/7166358264303602949



Trazos dialectais e estigma (I)

O caso da 'tiktokker' Alba Castro: cando se ataca ao galego con 'gheada' e 'seseo' por consideralo "rural" e "ridículo"

A 'tiktokker' galega Alba Castro (@mamatopa_alba) conta con algo máis de 32.000 seguidores en Tik Tok e máis de 675.000 'likes'. Emprega 'gheada' e 'seseo' na súa fala habitual, e iso é algo que xerou moita controversia no seu perfil, e que a levou a recibir comentarios de todo tipo.

Había persoas que a acusaban de ter un **acento galego moi forzado e esaxerado**, dicindo mesmo que **o estaba a esaxerar para saír en Tik Tok** e que se falase máis dos seus vídeos, cando de seguro que na vida real non falaba así. Comentarios do tipo: *'fuérzalo menos y parece real'; 'sempre falas así ou exageras o acento pra os videos?'; 'yo soy gallega, pero no hablamos así de bruto'*.

Outros dicían que **lles molestaba o seu acento, porque lles resultaba pouco agradable aos oídos, como se fose unha lingua de monte, usada polas clases sociais máis baixas**. Semella que aínda non fomos quen de superar certos prexuizos, porque dicían que un acento máis neutro sería propio e indicativo de que contaría con máis formación e estudos. Dicían cousas como: *'pq tienes que hablar así? Los gallegos no hablamos así, normal q piensen q somos paletos, siempre exagerando el acento'*. Ao que Alba respostaba: *'claro, os ghallegghos falamos coma ti, en castellano; por falar como falo eu non son paleta, paleta é unha persona coma ti que pon este tipo de comentarios'*.

Pola banda da 'gheada' e do 'seseo', dicían que tamén eran **fenómenos propios dunha fala de monte**. É dicir, arredor deles segue a haber aínda a día de hoxe un estigma social, que non se logra erradicar. Así, moitos usuarios asociaban o feito de que Alba empregase estes fenómenos a que ela fose de campo e non de cidade. En concreto, **hai máis estigma co tema da 'gheada' que do 'seseo', que moitas veces semella pasar máis desapercibido a oídos dos oíntes**. Os comentarios ao respecto dicían: *'Yo creo que fuerzas la gheada, no he oído a nadie forzarlo tanto ni en Fisterra ni en ningún lado. Pero habla como quieras'; 'o sea creo y tengo derecho a creer que a esta chica se le junta la gheada y un problema de dicción'*.

Ademais, mesmo **se rían de como usaba estes trazos dialectais**, asegurando que lles causaba graza, pero non no bo sentido da palabra, senón como se estivese a facer o ridículo por falar desá maneira. Reaccións do tipo: *'de hecho empecé a seguirte porque me hacía gracia tu gheada, a mi juicio exagerada, si no tu perfil no me habría llamado la atención'*. Con todo, tamén hai unha **parte importante da audiencia de Alba que manifesta un alto grao de orgullo**: *'A gheada e o seseo é o mellor do galego!!!'; 'o único galego mal falado é o que non se fala'; 'o idioma galego é a nosa identidade en cada zoa'*.

Solución

Poderías dicir de onde é a tiktoker Alba Castro?

Gheada: apa**gh**ado, e lo**gh**o, lá**gh**rima, nin**q**uén, nin**q**unha...

Seseo explosivo: **s**errada, cora**s**ón, in**s**inerar, fa**s**er, cono**s**ido, ver**gh**on**s**a, **s**ementerio, ves**s**e, do**s**e...

Seseo implosivo: desta ve**s**.

Terminación plural en -N: comuni**óns**.

Demostrativo: **e**sto.

Ditongo -UI-: nu**i**te, fu**i**...

Terminacións verbais: mirén (por mirei), von (por vou), estón (por estou)...



Mapa 2: Engádegas de -n no sufixo número-persoal da P1.

Roberto Leal (presentador de Pasapalabra): minuto 17/20-30



1. Como se crean as linguas estándar?
2. Quen promove as “linguas neutras”?
Onde aparecen?
3. De que depende a diferenza entre
“lingua” e “dialecto”?
4. Por que o acento andaluz está
estigmatizado?
5. Cal é a experiencia do presentador de
Pasapalabra?

A xornalista Alba Mancebo



E en Vigo, como falamos?

Río Sárdoma (“río grande”) → río Lagares.

Bloque occidental:

- plural en -NS: *Chans, Saiáns...*

Área pontevedresa. Subárea Morrazo-Fragoso.

TRAZOS FONÉTICOS

- Ao N do río: **gheada velar (forte)** e **seseo apical**.
- Ao S do río: **gheada aspirada (suave)** e **seseo predorsal**.
- NK en “dominco”. O termo congostra deu “quirincosta”.
- ultracorrección do seseo: As Sías > As Cíes.
- Único punto de Galicia que di “rola” con “o” aberto.
- Vigo: mó, figueiró, pereiró... Teis: moa, figueiroa...
- N: **coiro**, lavado**iro**... S: couro, lavadouro...



TRAZOS MORFOSINTÁCTICOS

- **Plurais en -ás:** Currás, Ameás, Casás...
- Diferénciase **nós/nosoutros** e vós/vosoutros.
- Demostrativo neutro hipercaracterizado: **isto, iso, aquilo.**
- *Aí o vén, aí a vai, alí cha está, aquí mos veñen...*
- **-ndes:** *cantandes, cheghandes...*
- *lévemos / fághamos / téñades*
- **TRAER:** trux- / trui- / tru-
- **Querer + participio flexivo:** querer lavado, querían mortos...
- **TER:** ti tes (aberto) / ti tes (pechado) / ti teis
- Predomina **PÓR** fronte a POÑER

TRAZOS LÉXICOS

- **Arquilexema “mirar”** desde o s. XIII: Johán de Cangas, Martín Códax e Meendinho.
- Non distinción de *quitar* / *sacar*
- “a vella comendo nas papas” → lucecú
- “charrau / charreu” → pardal
- “pisco” → paporroibo
- “miñato” ao miato
- “carravello” → escaravells (“Quen carravellos manda, merda lle acarrexan”).
- *feito / funcho / fento / fiúncho*
- **Reforzo expresivo** “rao / rau cara de can” (no Morrazo: raio de parvo).
- peleiro / pelo → **uninumeralizador** (ata o N do río portugués Cádabo).